Concello de Lugo



10/190 **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN ANUALIDADE 2025.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Fomento, do 23 de maio de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en substitución do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Examinado expediente de referencia e vistos:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Informes dos xefes/as ou responsables das dependencias municipais xestoras, relativas ás seguintes áreas, nos que se sinalan as liñas estratéxicas de actuación para a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo a determinados sectores de persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou entidades privadas, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia administrativa local:

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE
CONCELLERÍA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE
ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA
ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Os ditos informes forman parte inseparable do expediente de TECOL iniciado para os ditos efectos, expt. **2025/A004/**000011 - ACTUALIZACIÓN PLAN ESTRATÉXICO ANO 2025, fase inicio.

SEGUNDO.- Informe proposta do Servizo de Fomento do día 13 de maio de 2025 que consta no expediente e que se somete ao correspondente informe de fiscalización.

TERCEIRO.- Informe do Servizo de Intervención número 2025/702, emitido o día 19 de maio de 2025, do seguinte teor literal:

*"**INFORME DE INTERVENCIÓN***

*En virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de*



MURALLA
patrimonio da humanidade

CVD: xdKvt6sMDj8NyRNUWZa+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-06-02 14:11:42.00) , **419*** - RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ (FECHA: 2025-06-02 10:05:20.00) , ***393*** - JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2025-05-30 14:01:54.00)

*28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; emítese o seguinte*

***INFORME***

***LEXISLACIÓN APLICABLE:***

- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).*
- *Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo (BOP nº 111 de 18.05.2005)*
- *PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 aprobado pola XGL o 16.04.2023 (Acordo 9/199)*

***ANTECEDENTES:***

- *Informe do xefe do servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, conformado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, do 20.03.2025, de actualización do PES do Concello de Lugo para o ano 2025 para a inclusión de catro novas liñas de actuación:*

  *1.- Subvención nominativa: Federación de librarías de Galicia (NIF V-15.038.458) para a organización da actividade Feira do libro. Importe: 4.000,00 euros.*
  *2.- Subvención nominativa: Asociación de escritoras e escritores en Lingua Galega (NIF: G-15.039.936) para a realización da actividade: Enredando co galego. Importe:16.000,00 euros.*
  *3.- Subvención nominativa: Asociación Candeloria Lugo (NIF: G-27.462.100) para a realización da actividade: Festival A Candeloria 2025. Importe: 6.000,00 euros.*
  *4.- Subvención nominativa: Asociación Músico Crisanto (NIF: G-27.405.497) para a realización da actividade: Lugo Music Festival 2025. Importe: 15.000,00 euros.*

- *Informe da xefa do servizo de Desenvolvemento Local, conformado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 25.03.2025, de actualización do PES do Concello de Lugo para o ano 2025 para a inclusión de dúas novas liñas de actuación:*

*1.- Subvención nominativa: Asociación de Veciños da Milagrosa (CIF: G27144856): Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro. Importe: 2.000,00 euros.*
*2.- Subvención nominativa: DIÓCESE DE LUGO (CIF: R2700002E): Rehabilitación Capela do Carme. Importe:70.000,00 euros.*

- *Informes da xefa do servizo de Participación e Atención Cidadá, conformados pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, do 01.04.2025, de actualización do PES do Concello de Lugo para o ano 2025 para a inclusión de dúas novas liñas de actuación:*

*1.- Subvención nominativa: Asociación Lucense de Futbolín (CIF: G27513837): VI CAMPEONATO NACIONAL DE FUTBOLÍN: "MAESTROS DEL NORTE". Importe: 3.500,00 euros.*
*2.- Subvención nominativa: Cruz Roja Española: PROXECTO DE INTERACCIÓN VECIÑAL: CREANDO REDES DE BARRIO. Importe: 18.500,00 euros.*

- *Informe da xefa do servizo de Servizos Sociais, conformado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social, do 11.04.2025, de actualización do PES do Concello de Lugo para o ano 2025 para a inclusión de unha nova liña de actuación:*

*1.- Subvención nominativa: Universidade de Santiago de Compostela (USC): Programa "Destacando na ciencia" incluído no Programa universitario do IV ciclo da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Importe: 1.500,00 euros.*

- *Informe da administrativa da sección de Deportes, conformado polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude, do 05.05.2025, de actualización do PES do Concello de Lugo para o ano 2025 para a inclusión de tres novas liñas de actuación:*

*1.- Subvencións nominativas: Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Importe total: 410.600,00 euros:*
*- ESCUDERÍA MIÑO: 25.000 €*
*- TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL: 40.000 €.*
*- PORTAMIÑA: 10.000 €*
*- ESTUDIANTES: 18.000 €.*
*- EMEVE: 75.000 €.*
*- CLUB FLUVIAL: 20.000 €.*
*- ENSINO: 90.000 €.*
*- LUGO SALA: 40.000 €.*
*- FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIONS DE LUGO: 7.500 €.*

*- MULTISPORT GALICIA S.L.U.: 12.100 €*
*- EL PROGRESO S.L.: 18.000 €*
*- FEDERACION GALEGA DE JUDO: 6.000 €*
*- FEDERACION GALEGA DE PIRAGÜISMO: 6.000 €*
*- FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO: 3.000 €*
*- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO: 3.000 €*
*- ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA ENFERMIDADES RENALES (ALCER): 3.000 €*
*- AGADEXE: 12.000 €.*
*- REAL FEDERACION ESPAÑOLA VOLEIBOL: 10.000 €*
*- COLECTIVO HERCULES: 12.000 €*

*2.- Subvención en concorrencia competitiva: Subvención para actividades deportivas. Importe: 321.000,00 euros.*
*3.- Subvención en concorrencia non competitiva: Subvención para actividades deportivas. Importe: 80.000,00 euros.*

- *Informe da xefa de sección de Xuventude, conformado polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude, do 07.05.2025, de actualización do PES do Concello de Lugo para o ano 2025 para a inclusión de unha nova liña de actuación:*

  *1.- Subvención nominativa: Asociación Máis Debate (CIF: G75374330): TORNEO LUGO DEBATE. Importe: 10.000,00 euros.*

- *Informe-proposta da xefa do servizo de Fomento, de data 13.05.2025, coa conformidade da Tenenta de Alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial en substitución do titular da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, de actualización do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, anualidade 2025, no referente ás liñas de subvención antes referidas.*

***CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ORZAMENTARIAS:***

***PRIMEIRO:*** *Con data 19.04.2023 a XGL adoptou o Acordo número 9/199 no que se acordaba, entre outros a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 do Concello de Lugo de acordo coas esixencias do artigo 8 da LXS, e co contido recollido no artigo 12 do RLXS.O dito Plan terá unha vixencia de tres anualidades período 2023-2025*
*Previo a este acordo emitiuse informe de intervención 426/2023 de data 11.04.2023*

***SEGUNDO:*** *O apartado IV do citado plan sinala o seguinte:*
*"IV- COMPETENCIA PARA SU APROBACIÓN El órgano competente para la aprobación del Plan Estratégico de Subvenciones, es la Junta de Gobierno Local, dado que se trata de un instrumento de planificación estratégica de la actividad*

*subvencional o de fomento y de gestión económica, de acuerdo con el previsto en el apartado g) del artículo 127 de la Ley de bases de Régimen Local".*
*O apartado VI sinala:*
*"VI. ÁMBITO TEMPORAL, VIGENCIA Y ACTUALIZACIÓN*
*El presente Plan tendrá una vigencia de tres anualidades, incluida la presente, abarcando, por lo tanto, el período 2023-2025, sin perjuicio de que algunas de las líneas de subvención tengan una vigencia inferior.*
*No obstante lo anterior, anualmente, a la vista de los informes de seguimiento y teniendo en cuenta las disponibilidades presupuestarias podrán modificarse, substituirse por otras o eliminarse líneas de subvenciones.*
*Dentro de cada una de las líneas, podrá actualizarse o modificarse cualquier aspecto de su contenido, bien por los resultados en los informes de seguimiento en cuanto a la consecución de los objetivos o la adecuación de los recursos invertidos, bien por otros motivos debidamente justificados.*
*Lógicamente, **con ocasión de las modificaciones presupuestarias que se pretendan introducir alguna de las líneas de subvención no previstas en el presente PES, debería previa o simultáneamente modificarse este**. **No será necesaria la modificación del PES en los supuestos de modificación de líneas de subvención existentes cuando la modificación consista en la variación del importe asignado a una subvención de la línea, siempre que el resto de sus componentes permanezcan sin cambios**, hecho este que deberá quedar acreditado en el expediente, por parte del órgano gestor correspondiente."*

***TERCEIRO:*** *Analizado o contido da proposta de modificación do plan estratéxico de subvencións de data 13.05.2025 que se contén no expediente, compróbase que consiste en engadir once (11) novas axudas, dentro das liñas de subvención existentes, creación de novas liñas, así como adaptación de importes e/ou finalidades nalgunha das existentes, do xeito que se resume nas seguintes táboas:*

| *Área* | *Aplicación Orzamentaria* | *Liña de subvencións* | *Importe Nominativas* | *Importe Concorrencia* |
|---|---|---|---|---|
| *ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS* | *24100.48900* | ***Asociación de Veciños da Milagrosa*** *(CIF: G27144856)* | *2.000 €* | |
| | *33600.79900* | ***Diócese de Lugo*** *(CIF: R2700002E)* | *70.000 €* | |
| *ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL* | *23179.48900* | ***Universidade Santiago de Compostela*** *(NIF Q1518001A)* | *1.500 €* | |
| *CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO,* | *34100.48900* | ***SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES*** | | *80.000 €* |



MURALLA
patrimonio da humanidade

| *Área* | *Aplicación Orzamentaria* | *Liña de subvencións* | *Importe Nominativas* | *Importe Concorrencia* |
|---|---|---|---|---|
| ***DEPORTES** E XUVENTUDE* | | ***DEPORTIVAS- LIÑA 2 CONCORRENCIA NON COMPETITIVA*** | | |
| *CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO, DEPORTES E **XUVENTUDE*** | *33700. 48900* | ***ASOCIACION MAIS DEBATE** (G75374330)* | *10.000 €* | |
| *ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.* | *33000.48900* | ***Federación de librarías de Galicia** (NIF V-15.038.458)* | *4.000 €* | |
| | | ***Asociación de escritoras e escritores en Lingua Galega** (NIF: G-15.039.936)* | *16.000 €* | |
| | | ***Asociación Candeloria Lugo** (NIF: G-27.462.100)* | *6.000 €* | |
| | | ***Asociación Músico Crisanto** (NIF: G-27.405.497)* | *15.000 €* | |
| *ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA* | *92400.48900* | ***Asociación Lucense de Futbolin** (NIF G27513837)* | *3.500 €* | |
| | | ***Cruz Roja Española** (NIF Q2866001G)* | *18.500 €* | |

*Na modificación do plan estratéxico de subvencións engádense as seguintes subvencións nominativas á liña existente na Concellería Delegada de Urbanismo, Deportes e Xuventude da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude:*

| *Área* | *Aplicación Orzamentaria* | *Liña de subvencións* | *Importe Nominativas* | *Importe Concorrencia* |
|---|---|---|---|---|
| *CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO, **DEPORTES** E XUVENTUDE* | *34100.48900* | ***FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIONS DE LUGO*** | *7.500 €* | |
| | | ***MULTISPORT GALICIA S**.L.U.* | *12.100 €* | |
| | | ***EL PROGRESO S.L.*** | *18.000 €* | |
| | | ***FEDERACION GALEGA DE JUDO*** | *6.000 €* | |
| | | ***FEDERACION GALEGA DE PIRAGÜISMO*** | *6.000 €* | |
| | | ***FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO*** | *3.000 €* | |
| | | ***ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO*** | *3.000 €* | |
| | | ***ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA ENFERMIDADES RENALES (ALCER)*** | *3.000 €* | |
| | | ***AGADEXE*** | *12.000 €* | |
| | | ***REAL FEDERACION ESPAÑOLA VOLEIBOL*** | *10.000 €* | |
| | | ***COLECTIVO HERCULES*** | *12.000 €* | |

*Dentro desta mesma liña, na proposta que se formula dende a Concellería Delegada de Urbanismo, Deportes e Xuventude recóllense modificacións do importe das subvencións nominativas consistentes na variación do importe asignado, permanecendo sen cambio o resto dos seus compoñentes.*

*Atendendo ao disposto no PES, compróbase que a proposta que se formula polo responsable do servizo/área competente conta cunha motivación razoada mínima*

*da súa necesidade e fai referencia aos aspectos a que se refire o artigo 12 do RLXS.*

***CUARTO:*** *Con relación ao órgano competente para a modificación do Plan, dita competencia lle corresponden á Xunta de Goberno Local tal e como se establece no apartado VI do PES.*

*Como xa se sinalou no seu día, non existe unha atribución específica desta facultade nin na Lei 38/2003, de 17 de novembro, nin no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nin na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo (BOP nº 111 de 18.05.2005) recolle no artigo 5 que "Será competente para a aprobación deste plan estratéxico a Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións que se confiran".*

***QUINTO:*** *Unha vez aprobada polo órgano competente, a modificación do plan estratéxico debe publicarse, cando menos, segundo o artigo 13 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas a través da BDNS.*

*Tamén o artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sinala que "2. As Administracións Públicas* ***publicarán os plans*** *e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente".*

*O apartado IX do PES relativo á transparencia do plan sinala que: "En aras a dar cumplimiento a los principios de transparencia y publicidad previstos en el artículo 6.2 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre , de transparencia, acceso a la información pública y bueno gobierno, y en el artículo 13 del R.D. 887/2006, de 21 de julio , por lo que se aprueba el Reglamento General de Subvenciones, todas las subvenciones concedidas por el Ayuntamiento en cada una de sus líneas estratégicas, programas de ayuda y convocatorias incluidas en este PES, junto con sus actualizaciones, serán publicadas anualmente en la página web municipal, portal de transparencia, así como en la Base de datos Nacional de Subvenciones, que opera como Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, y aplicándole cualquier otra disposición en materia de información y transparencia establecida en la legislación vigente en cada momento."*

***SEXTO:*** *Os artigos 167 e 172.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL e 24 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20*

*de abril, dispoñen que os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que fosen autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas, finalidade que se determina pola clasificación por programa e económica pola que se define a partida orzamentaria.*

*O artigo 173.5 do TRLRFL, sinala tamén que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.*

*O artigo 12.3 do RLXS sinala expresamente que "os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter **programático** e o seu contido **non crea dereitos nin obrigas**; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes **ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio**".*

*Por tanto, sen que obste realizar a presente modificación do plan, será preciso en todo caso con carácter previo á concesión de calquera axuda, a dotación do crédito necesario para atendela. **No caso que nos ocupa, detectouse que non existe consignación orzamentaria para atender ás subvencións incluídas na presente modificación do PES, polo que as unidades xestoras deberán levar a cabo as modificacións orzamentarias que correspondan, con carácter previo á tramitación das axudas.***

***RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO:***

*Analizada a proposta de modificación do plan estratéxico de subvencións de 13.05.2025 do Servizo de Fomento que se contén no expediente, de acordo co recollido nos apartados anteriores, **infórmase favorablemente**, dende o punto exclusivamente de que se axustas aos requisitos formais.*

*Lémbrase que o establecemento efectivo das subvencións previstas na presente modificación, como as de todo o plan, requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos de cada anualidade, sen o cal como se expón no punto sexto, calquera acordo de establecemento ou concesión de axudas sería nulo de pleno dereito.*

*Advírtese tamén de que se acude de xeito destacado á previsión de outorgamento de achegas a través do procedemento de subvencións directas nominativas, tanto no plan de orixe como nas modificacións introducidas, sen que no documento se xustifique a excepcionalidade de acudir a estas formas de outorgamento, praxis que se leva realizando de xeito continuado ao longo do tempo, e que se desvía da recomendación de redución deste tipo de subvencións que reiteradamente ven*

*realizando esta Intervención Xeral, así como do establecido na LXS, que recolle expresamente que o réxime ordinario de concesión de axudas debe ser o de concorrencia competitiva (artigo 22.1, que ademáis por ser lexislación básica, vincula a todas as Administracións Públicas).*

*Por tanto, tamén se lembra que, con ocasión da tramitación destas axudas deberase realizar unha motivación obxectiva suficiente que permita obviar o réxime xeral de concorrencia e habilite esta excepcionalidade, tendo en conta ademais que o emprego deste sistema non pode xerar discriminación, outorgando a certas entidades unha unha vantaxe comparativa con respecto ao resto non xustificada (STSX da C. Valenciana do 5 de marzo de 2014, STSX de Galicia do 1 de xuño de 2016, STS de 25 de febreiro de 2015, …)*

*Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.*
*Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais."*

CUARTO.- Informe da Área de Cohesión Territorial, Zona Rural, do día 19 de maio de 2025, proposta SUBVENCIÓN NOMINATIVA DÍA DO VECIÑO. IMPORTE TOTAL segundo orzamento xeral 2025: 20.000 €

QUINTO.- Informe de Intervención, do día 23 de maio de 2025, no que se conclúe:

***"CUARTO:*** *Faise remisión expresa, no non analizado no presente, ao contido do anterior informe desta Intervención xeral núm. 702/2025 de data 19.05.2025,* ***FAVORABLE*** *á proposta de modificación do plan estratéxico de subvencións 2023-2025, anualidade 2025, asinada pola xefa do servizo de Fomento o 13.05.2025, coa conformidade da Tenenta de Alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial en substitución do titular da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude.*
***RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO:***
*Analizada a proposta de modificación do plan estratéxico de subvencións de 21.05.2025 do Servizo de Fomento que se contén no expediente, de acordo co recollido nos apartados anteriores,* ***infórmase favorablemente****, dende o punto exclusivamente de que se axustas aos requisitos formais.*
*Advírtese de que se acude á previsión de outorgamento da achega a través do procedemento de subvención directa nominativa, sen que no documento se xustifique a excepcionalidade de acudir a esta forma de outorgamento, praxis que se leva realizando de xeito continuado ao longo do tempo, e que se desvía da recomendación de redución deste tipo de subvencións que reiteradamente ven realizando esta Intervención Xeral, así como do establecido na LXS, que recolle expresamente que o réxime ordinario de concesión de axudas debe ser o de concorrencia competitiva (artigo 22.1, que ademáis por ser lexislación básica, vincula a todas as Administracións Públicas).*

*Por tanto, tamén se lembra que, con ocasión da tramitación das axudas deberase realizar unha motivación obxectiva suficiente que permita obviar o réxime xeral de concorrencia e habilite esta excepcionalidade, tendo en conta ademais que o emprego deste sistema non pode xerar discriminación, outorgando a certas entidades unha vantaxe comparativa con respecto ao resto non xustificada (STSX da C. Valenciana do 5 de marzo de 2014, STSX de Galicia do 1 de xuño de 2016, STS de 25 de febreiro de 2015, …) Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.*
*Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais."*

CONSIDERACIÓNS XERAIS

PRIMEIRA.- Acordo número 9/199 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 19 de abril de 2023 no que se acorda, entre outros:

APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO CONCELLO DE LUGO. O dito plan terá unha vixencia de tres anualidades período 2023-2025.

SEGUNDA.- A xustificación da realización do Plan estratéxico de subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de subvencións, en diante LXS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en diante RXS e na Ordenanza municipal de subvencións publicada no BOP o 18 de maio de 2005.

A Lei 38/2003 introduce como elemento de xestión e instrumento para a mellora da eficacia nas actuacións das administracións públicas a necesidade de elaborar, en cada administración, un Plan estratéxico de subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles e todo iso con carácter previo á concesión.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, recolle no seu artigo 8.1, "Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaría"

O citado artigo 8 LGS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LGS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse deste.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento xeral da LGS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade presupostaría se determinen para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Así mesmo, e en todo caso, por virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985 RBRL o marco normativo xeral compleméntase coas seguintes normas ou instrumentos propios:
- A Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo aprobada inicialmente polo Pleno da corporación, na sesión celebrada o día 7 de marzo de 2005, Acordo núm. 5/20, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 111 do 18 de maio de 2005.
- As normas municipais de execución presupostaría que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos presupostos.

TERCEIRA.- Ámbito temporal, vixencia e actualización

Conforme ao Acordo número 9/199 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 19 de abril de 2023 este Plan ten unha vixencia de tres anualidades, incluído esta anualidade, ano 2025, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención teñan unha vixencia inferior.
Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades presupostarías poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.
Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos invertidos, ben por outros motivos debidamente xustificados.

Loxicamente, con ocasión das modificacións presupostarías que se pretendan introducir algunha das liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos seus compoñentes permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do órgano xestor correspondente.

En consecuencia, é polo que se procede á actualización do devandito Plan estratéxico no relativo á anualidade do 2025 conforme aos informes das unidades xestoras.

CUARTA.- Competencia para a súa aprobación

O órgano competente para a aprobación do Plan estratéxico de subvencións, é a Xunta de Goberno Local, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado g) do artigo 127 da Lei de bases de réxime local."

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á a*ctualización do Plan estratéxico de subvencións, 2023*-2025, ano 2025, no referente ás seguintes liñas de subvención identificadas por áreas de goberno municipal:

**<u>ÁREA: COHESIÓN TERRITORIAL</u>**
**LIÑA DE SUBVENCIÓN: SUBVENCIÓN NOMINATIVA Federación de Asociación de Veciños de Lugo "Lucus Augusti" CIF G27158575** :**CELEBRACIÓN DO DÍA DO VECIÑO**
**IMPORTE TOTAL segundo Orzamento Xeral 2025: 20.000 €**

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | CELEBRACIÓN DO DÍA DO VECIÑO |
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | COMPETENCIAS: Lei 7/1985, LBRL, artigo 25.<br>3) O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. |
| 3ª.- Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | O obxectivo xeral desta xuntanza e promover a convivencia cidadá, fortalecer os lazos comunitarios e fomentar a cohesión social da veciñanza da provincia de Lugo, ademais serve para reforzar os lazos comúns e construír a identidade da nosa provincia, acentuando a valoración das tradicións populares, dando unha especial importancia a dinamización do movemento veciñal; obxectivos que se pretenden acadar en base ás actividades seguintes: partido |

| | |
|---|---|
| | de fútbol con entrega posterior de premios, exhibición de baile, actuación de grupos folclóricos, comida veciñal de balde, entrega de premio ”V” ao veciño destacado e entrega de camisetas serigrafadas aos asistentes.<br><br>Os obxectivos son coherentes coa Celebración do Día do Veciño e están avaliados con indicadores cuantitativos concretos: nº de participantes, taxa de satisfacción, nº de actividades realizadas e participación media, o que permitirá medir o impacto esperado unha vez remate o evento.<br><br>O prazo para o dito evento será: 19 de outubro |
| 4º.- Ámbito temporal/ Prazo necesario para a súa consecución | ANO 2025 |
| 5º.- Custos previsibles para a súa realización.<br>Fontes de financiamento<br>Programación plurianual. | Recursos propios do Concello<br><br>Exercicio 2025: 20.000 € |
| 6º.- Modalidade de concesión | Subvención nominativa |
| 7º.- Aplicación orzamentaria | Partida orzamentaria: 45910.48900<br>Total destinado: 20.000 euros |
| 8º.- Plan de acción: liñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, así como a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, así como a demais normativa que lle é de aplicación.<br><br>- Marco da convocatoria. Orzamento 2025<br>- Obxecto da convocatoria: nominativa<br>- Entidades destinatarias: Federación de Asociación de Veciños de Lugo “Lucus Augusti”<br>- Consignación orzamentaria e contía da subvención: 20.000 €<br>- Obrigas da entidade ou persoa beneficiaria: obrigas establecidas no convenio |
| 9º.- Beneficiarios | |

| | |
|---|---|
| | Federación de Asociación de Veciños do Concello de Lugo “Lucus Augusti” |
| 10º.- Previrán as bases da convocatoria actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes? | SI<br>Este ano asistirá ao Día do Veciño un grupo de mulleres da Asociación Mujeres en Igualdade de Asturias que é unha asociación que se dedica a realizar accións que xeren un profundo cambio na percepción da igualdade no noso país. A Asociación Mujeres en Igualdade de Asturias, nace en Oviedo no ano 1996, para liderar unha transformación do concepto de igualdade en Asturias. O seu compromiso é manterse firmes nas accións que saben que proporcionarán resultados e cambios positivos en relación á igualdade real e efectiva.<br>. |
| 11º.- Seguimento e avaliación. Indicadores relacionados cos obxectivos do plan | Dende a Unidade de Medio Rural establécense os indicadores axeitados en función da materia para a súa posterior avaliación e grao de cumprimento. Os indicadores son variables representativas da natureza do obxectivo, da súa cuantificación e da data na que se prevé a súa consecución:<br>1- Número de participantes rexistrados, comparando a asistencia con anos anteriores ou cun obxectivo mínimo establecido.<br>2- Taxa de satisfacción dos asistentes, medida a través de enquisas posteriores ao evento.<br>3- Número de actividades realizadas e participación media en cada unha, indicando a variedade e o grao de implicación veciñal.<br>4- Interacción nas redes sociais e cobertura mediática, facendo un seguimento de publicacións, comentarios e repercusión na comunidade.<br>5- Avaliación do incremento na participación cidadá, avaliando se o evento motiva a adhesión a outras asociacións veciñais. |

**<u>ÁREA: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

**LIÑA DE SUBVENCIÓN: Subvención nominativa – Asociación de Veciños da Milagrosa (CIF: G27144856): Feira de productos do campo e artesanía San Isidro**

**IMPORTE TOTAL: 2.000 euros (segundo orzamento xeral 2025).**

| | |
|---|---|
| 1º.- Obxectivo estratéxico: | Fomento do emprendemento e da economía local: contribuír a economía local e fomentar o emprendemento na zona |
| 2ª.- Áreas de competencia afectadas e sectores a que se dirixen as axudas: | A axudas a Asociación de Veciños da Milagrosa buscan fomentar: a participación veciñal, a realización de actividades ou eventos culturais, recreativos e educativos, que promoven a interacción e a cooperación entre os veciños, como obradoiros, feiras, reunións, e outros encontros sociais e culturais.<br><br>COMPETENCIAS: Lei 7/1985, LBRL, artigo 25.<br>3) O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.<br>4) O municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas nas seguintes materias:<br>Os **concellos** terán competencias nos seguintes ámbitos: a) A promoción do benestar e desenvolvemento dos veciños, así como a participación da comunidade na vida pública local, promovendo a creación de asociacións e outras entidades de interese local, para fomentar a participación cidadá. b) A organización, desenvolvemento e xestión de actividades culturais, recreativas, educativas, deportivas, sociais e de benestar, co fin de promover a calidade de vida dos habitantes do municipio. |
| 3ª.- Obxectivos específicos e efectos que se pretenden coa aplicación: | Obxectivo específico: realización dunha Feira de productos do campo e artesanía (San isidro), que ofrecerá aos artesáns un escaparate para mostrar os seus |

| | |
|---|---|
| | productos, o que contribúe á economía local e fomenta o emprendemento na zona. Ademais, a feira pode atraer turistas ou visitantes doutras zonas, o que beneficiará ao comercio e servicios locais. A implicación da asociación de veciños na organización da feira mostra o interese da comunidade local en crear eventos que fortalezan a súa identidade. O apoio ao proxecto resalta o compromiso social e a implicación dos cidadáns no seu propio desenvolvemento. |
| 4º.- Ámbito temporal/ Prazo necesario para a súa consecución | ANO 2025 |
| 5º.- Custes previsibles para a súa realización.<br>Fontes de financiamento<br>Programación plurianual. | Recursos propios do Concello<br><br>Exercicio 2025: 2.000 euros |
| 6º.- Modalidade de Concesión | Subvención nominativa |
| 7º.- Aplicación orzamentaria | 24100.48900<br>Total destinado: 2.000 euros |
| 8º.- Plan de acción: liñas básicas que deben conter as bases reguladoras e calendario de elaboración | Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do concello de Lugo, así como a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, así como ademais normativa que lle é de aplicación.<br>Indicar :<br><br>- Marco da convocatoria: subvención nominativa para a realización dunha feira de productos do campo e artesanía San Isidro<br>- Obxecto da convocatoria: contribuír a economía local e fomentar o emprendemento na zona da Milagrosa<br>- Requisitos das iniciativas obxecto de subvención: debese determinar a imposibilidade de fomentar a concorrencia competitiva e a inexistencia de discriminación inxustificada a outras entidades e |

| | |
|---|---|
